
Algunhas anotacións sobre a lingua de Ramón Armada Teixeira (1868-1920)

Marisa Moreda Leirado
Universidade da Coruña
marisamoreda@hotmail.com

Resumo:

O presente traballo pretende mostrar, de maneira xeral, as principais características lingüísticas da obra do ortigueirés Ramón Armada Teixeira, un dos autores inxustamente esquecidos do noso rexurdimento lingüístico e literario, a pesar de ter traballado durante toda a súa vida en múltiples ámbitos, sempre a prol do galego e da Galiza. Para que non fiquen no esquecemento presentamos este estudo, facendo unha primeira aproximación á intensa traxectoria vital do autor así como unha análise lingüística do seu legado en galego.

Palabras chave:

Lingua literaria, morfoloxía, fonética, léxico.

Abstract:

The present paper intends to generally highlight the principal linguistic features of Ramón Armada Teixeira's work. Despite his lifetime efforts in supporting Galiza and its people with multiple concerns, this author from Ortigueira has been one of the unjustly forgotten writers from our linguistic and literary Rexurdimento. Therefore, the aim of this study is to prevent Teixeira's figure from falling into the oblivion by carrying out this study. This paper is the first approach to the author's intense biography as well as to the analysis of his legacy in Galician.

Key words:

Literary language, morphology, phonetics, lexicon.

1. Aproximación á vida de Ramón Armada Teixeira

Nace en Santa Marta de Ortigueira o 14 de setembro de 1858 no seo dunha familia acomodada, o que lle permite recibir unha formación académica –comezada na Galiza e continuada en Cuba– que se reflectirá posteriormente nos numerosos artigos publicados en xornais e nas obras literarias que redixiu durante os seus 62 anos de vida. Despois dunha estadia case fugaz na Arxentina, emigra á Habana en 1878, mais á diferenza de moitos outros compatriotas, cuns estudos e unha posición económica que lle permitirán levar unha vida acomodada na illa. Alí desenvolverá dis-

tintos cargos públicos e fundará, xunto con Manuel Lugrís Freire, a primeira publicación monolingüe en galego da emigración: *A Gaita Gallega*, de que posteriormente será director tras abandonar o seu compañeiro esta empresa.

Canto á súa faceta literaria, durante esta primeira etapa na Habana publica en 1885 a peza teatral *Non mais emigración*, que revela un Armada Teixeira que ama Galiza, a súa lingua e as súas tradicións, e que defende un futuro mellor para o seu pobo. Por todo isto e por ser o texto literario a primeira zarzuela galega, alén da primeira obra teatral representada fóra da Galiza, merece, sen dúbida, un posto nas letras galegas. Dez anos máis tarde dáse a coñecer como poeta co libro que sae ao prelo en 1895, *Caldo de Grelos*, saudado entre outros por Manuel Curros Enríquez¹ en diversos xornais da época. En 1898 publica *Aturuxos*², onde ao igual que no poemario anterior fai unha evocación á terra e denuncia o caciquismo e as miserias dos nosos labregos.

Despois deste intenso labor na Habana en todos os niveis, como tantos outros emigrantes que acadaran unha posición acomodada, volta a Ortigueira en 1899, logo da perda de España da illa de Cuba. Na súa vila natal continúa a desempeñar cargos oficiais, paralelamente conxugados coa súa faceta literaria. En 1904 presenta aos Xogos Florais de Viveiro o ensaio *Misión del Municipio y su importancia como órgano social para la propaganda de la enseñanza primaria en sus aspectos intelectual, artístico y físico*, que resulta gañador e que pon de manifesto os problemas que Armada Teixeira observa canto á educación. Sobre o mesmo tema versa o texto *Labor moralizadora de las sociedades gallegas en América que sostienen plantales de enseñanza. Su importancia educativa y patriótica*, que enviou ás Festas Pedagóxicas que tiveron lugar en Compostela en 1906. Con este ensaio recibiu o primeiro premio e, como di o pedagogo Vicente Peña Saavedra, “representa na orde de divulgación educativa a peza sobranceira da súa produción”. Este autor fai un estudo pormenorizado dese ensaio no xornal *La Voz de Ortigueira*³, desde o número 3.577 até o 3.608. Continúa en Ortigueira o labor xornalístico que comezara na Habana coa fundación do periódico *El Eco Ortegano*, e como correspondente galego do habaneiro *Diario de la Marina*, onde publica unha serie de crónicas do “País Galego”.

O caciquismo que el tanto denuncia a través dos seus escritos é o que provoca a súa destitución do cargo municipal que ocupaba, o 19 de marzo de 1909, feito que o

¹ Fermosas palabras dedica Curros (1895) en *La Tierra Gallega* ao poemario *Caldo de Grelos*.

² Grazas ao traballo de Alonso Girgado (2002), quen publica o facsímile de *Aturuxos* e fai un estudo introdutorio sobre este, coñecemos o segundo libro poético de Ramón Armada Teixeira.

³ *La Voz de Ortigueira* foi fundada en 1916 por David Fojo e caracterizouse polo seu ton reivindicativo. Tal e como se indica na páxina web do Concello de Ortigueira, esta publicación é coñecida popularmente co nome de “verza” por estar impresa en papel de cor verde.

conduce de novo a Cuba, onde permanecerá até o final da súa vida. Alí, ao igual que durante a súa estadía na Galiza, segue a colaborar no *Diario de la Marina*, labor que durará até a súa morte. Nos últimos anos da súa vida, concretamente en 1912, Armada Teixeira publica no *Boletín da Real Academia Galega* un monólogo titulado *Mexamorno en Viveiro (MV)* onde, como tamén fixera antes con *Non mais emigración*, volta a mostrar a súa recusación cara á emigración e a necesidade de retornar á Galiza.

A súa última obra data de 1918, *Da Terriña*, que constitúe unha compilación das dúas obras anteriores de poesía, coa única diferenza de ter mudado polo *A-la-las* o título de *Aturuxos* que aparecía na primeira edición⁴; e unha nova, *Milicroques*, poemario dedicado ao Centro Galego da Habana e que se abre cun prólogo de Álvaro de la Iglesia. Dous anos despois, en xullo de 1920, Armada Teixeira falece na Habana, onde permanece o seu corpo baixo un monolito funerario situado ao carón do panteón que pertence á Sociedade de Naturais de Ortigueira e que segundo comenta Neira Vilas (1994: 239) ten na cima unha lira en lugar dunha cruz e gravados en pedra os títulos dalgúns dos seus libros.

Após esta pequena introdución sobre a vida de Ramón Armada Teixeira, exporemos as consideracións deste autor sobre o galego, e continuaremos co estudo sobre as particularidades ortográficas, fonéticas, morfolóxicas e lexicais que caracterizan a súa versátil obra. Para a realización deste estudo baseámonos en: *Non mais emigración (NME)*, *Caldo de Grelos (CG)*, *Aturuxos (AT)* e *Mexamorno en Viveiro (MV)*. Do seu último libro, *Da terriña*, só atenderemos á parte titulada *Milicroques (MI)*, por ser o resto unha compilación dos poemarios publicados con anterioridade. Co gallo de non deixar sen estudar do punto de vista lingüístico ningún dos xéneros cultivados por Ramón Armada Teixeira, recollemos as súas colaboracións na publicación que el mesmo fundou, *A Gaita Gallega (GG)*⁵, pois son as únicas da súa autoría que están en galego, xa que o resto de artigos de prensa están redactados en español, lóxico se temos en conta a época en que viviu.

Así as cousas, e coa intención de cubrirmos o baleiro existente, preséntase neste traballo unha primeira achega á lingua de Armada Teixeira, unha lingua que podemos definir a través das palabras proferidas por Álvaro de la Iglesia no prólogo de

⁴ Esta mudanza no título probabelmente fose motivada polo comentario que o seu amigo Álvaro de la Iglesia expón no xornal *Follas Novas*: “yo en lugar de mi talentoso amigo paisano hubiera titulado *Alalalas*, porque el aturuxo es grito de guerra y los versos que tengo delante de los ojos, son notas de profunda tristeza, pero de paz, de amor, de inenarrable adoración para aquel pedazo de tierra donde nacimos y en cuyo cielo y en cuya música parecen alentar todas las melancolías de una patria que pide redención con acentos de agonía” (De la Iglesia 1898: 1-2).

⁵ A carón de cada unha das abreviaturas anteriores indicárase a páxina onde o exemplo exposto foi recollido, agás nos tirados d’*A Gaita Gallega*, en que se sinalará tamén o ano, en números romanos, o número da publicación –na revista denominado “Tocata”– en números arábigos e finalmente a páxina.

Milicroques: “Armada Teijeiro habla el gallego de una manera exquisita y no ese gallego convencional y bárbaro que consiste en *agallegar* vocablos castellanos, sino aquel gallego que trae sus raíces del siglo XIII cuando rimaba sus trovas el poeta provenzal Rimbaldo de Vaqueiras y escribía sus Cántigas el rey don Alfonso el Sabio”.

2. Defensa da lingua por parte do autor

Ramón Armada Teixeiro manifestou ao longo da súa vida o seu compromiso lingüístico, tal e como podemos comprobar a través das súas actuacións. Como xa foi comentado con anterioridade, é un dos fundadores da primeira publicación monolingüe da emigración en galego, *A Gaita Gallega*. O propio título é unha declaración de intencións, pois conxúgase a esencia do libro homónimo de Xoan Manuel Pintos (Neira Vilas 1994: 240), quen denuncia a situación que estaba a vivir o galego. Os fundadores desta publicación periódica son conscientes da necesidade de recuperación da nosa identidade, e por iso empregan en exclusiva o galego ao longo de todas as súas páxinas. Na sección “Casos e Cousas”, Armada Teixeiro, baixo o pseudónimo de Chumín de Céltegos, expón as súas consideracións sobre a lingua, defendendo non só o seu uso, senón tamén a súa pureza.

Repararemos agora nalgúns elementos paratextuais presentes nas obras deste ortigueirés, pois son reveladores dos problemas con que el e outros autores do século XIX se encontraron ao escribiren en galego, ao mesmo tempo que poñen de manifesto as consideracións sobre a lingua deste e doutras persoas que contribuíron satisfactoriamente ás nosas letras. A través dos títulos da súas obras aparece a simboloxía identificadora do país e, co fin de atraer o público, normalmente aparece o xentilicio ligado ao subtítulo: *Caldo de Grelos. Versos gallegos, Aturuxos. Coleución de Cantares Gallegos, Da terriña. Versos gallegos*, e alén disto, tamén indican o xénero da obra. Como sinalan Freixeiro Mato / Sánchez Rei / Sanmartín Rei (2005: 143), os títulos dos poemarios da época pretenden reivindicar o carácter galego das súas composicións a través de elementos que remiten ao mundo rural ou tradicional, especialmente referíndose a vexetais que se identifican con sentimentos que motivaron os versos dos autores (*Caldo de Grelos, Milicroques*). Por outro lado, todas as dedicatorias escritas polo autor están redactadas en galego e diríxense a persoas do seu contorno (“A Fidel Villasuso Espiñeira”, “ôs meus fillos”, “A Miguel García Perez e Manoel Santeiro”), ou a institucións (“Ô «Centro Gallego» da Habana”) moi valoradas por el.

Como é común no século XIX, as obras son introducidas por un prólogo da autoría dunha personalidade de prestixio na época. *Non mais emigración* non está prologada, mais si o seu seguinte libro, *Caldo de Grelos*, polo pedagogo Vicente Fraiz, que eloxia a obra e o feito de estar escrita en “armonioso dialecto gallego”.

Tamén, como é lóxico se pensamos que foi escrito desde a emigración, comenta a saudade que este colectivo afincado na Habana sente e o desexo de volta á terra. Curros Enríquez é o autor do prólogo -«Dúas palabras ô lector»- de *Aturuxos*, que constitúe a única mostra, xunto cunha carta, de prosa escrita en galego polo celanovés. Isto non deixa de ser revelador, pois a maioría dos prólogos das obras decimonónicas están redactados en español, aínda que paradoxalmente eloxien o emprego do galego. Este texto está en consonancia cos acontecementos que se estaban a vivir na illa no ano 98, facendo apoloxía da poesía que segundo el “non vos morre”. No seu último libro *Da Terriña, Milicroques* está prologado por Álvaro de la Iglesia, quen dedica unhas palabras á lingua empregada por Armada Teixeiro:

Valiéndonos de una exacta expresión de otro galiciano, Manuel Lugrís: Armada piensa en gallego..., es decir, prescinde al contar, de toda relación de conocimiento con el castellano y de ahí su admirable propiedad en el decir y su fidelidad en la expresión que pone en boca de sus personajes. Todos son gallegos, absolutamente gallegos, genuinamente gallegos.

Un elemento especialmente significativo é o primeiro poema do seu libro *Caldo de Grelos*, xa que recolle moitos dos tópicos da instancia prefacial (Freixeiro Mato / Sánchez Rei / Sanmartín Rei 2005: 145). A súa “Introducción” dedicada “ô que lea”, serve ao noso autor de escudo protector ante as posíbeis críticas, e contrapón a súa obra coas “d’aqueles que son verdadeira xoya da literatura enxebre”, citando expresamente a *Cantares Gallegos* e a *Follas Novas*. As referencias á figura de Rosalía de Castro –moi comúns en toda a súa obra– son máis unha mostra de dignificación da literatura e da lingua galegas. A reivindicación do labor feito polos devanceiros está presente tamén nalgunhas citas aclaratorias que o autor utiliza nos seus poemas, referíndose, entre outros, a Eduardo Pondal no poema que abre *Milicroques* ou a Curros Enríquez coas referencias á Virxe de Cristal en *Non mais emigración*. A análise destes elementos paratextuais revélanos o compromiso lingüístico de Ramón Armada Teixeiro, un home defendía a lingua da sociedade a que pertencía a pesar das dificultades sociais e lingüísticas que caracterizan a época, e é por iso que consideramos que a súa escrita merece unha análise pormenorizada, alén de ser unha fonte de información importante sobre o estado da lingua nos finais do XIX e principios do XX.

3. Características da lingua empregada por Ramón Armada Teixeiro

A ausencia dun modelo literario na época provocou que Armada Teixeiro, ao igual que outros moitos escritores da época, se vise na obriga de adoptar os patróns gráficos da lingua española para escribir en galego, ao tempo que tenta afastarse desta

e aproximarse á fala do seu pobo. Antes de entrarmos na análise lingüística, é de xustiza salientarmos certos aspectos fundamentais para tentarmos dar unha caracterización da súa lingua:

1. A súa procedencia: era natural de Santa Marta de Ortigueira, unha vila situada ao norte da provincia da Coruña que pertence dialectalmente á área mindoniense. Isto ficará reflectido na utilización dalgunhas formas exclusivas da zona.
2. A carencia dunha tradición escrita en que se apoiar, que levará Armada Teixeira a se aproximar no posíbel á lingua falada.
3. A presión que o español exercía na época, que fará que, tanto este autor como outros, procuren en numerosas ocasións, formas que se afastan da lingua de poder.
4. O influxo doutros autores e autoras do momento, que explica o uso que fai o noso escritor de formas totalmente alleas ao seu modelo dialectal.

Estas e outras circunstancias que acompañaron o galego ao longo do tempo estarán reflectidas na obra de Armada Teixeira en todos os niveis: gráfico, fonético, morfolóxico e lexical.

3.1. Nivel ortográfico

A intención dos autores decimonónicos –entre eles Armada Teixeira– de reflectiren o máis exactamente posíbel a fala popular provoca que a súa lingua sexa un tanto anárquica no que á grafía se refire. Téndonos en conta que o galego, a partir de aproximadamente o século XVI, perde o uso como lingua de cultura escrita por un espazo de trescentos anos, é lóxico pensarmos que cando os autores do XIX comezan a escribir de novo na súa lingua fanno seguindo o padrón que desde nenos aprenderon, é dicir, o español. A consecuencia disto, basearanse no modelo ortográfico do idioma dominante no momento, causándolles esta situación un conflito cando teñen que reproducir fonemas inexistentes no español, que se resollen de diferentes maneiras. Mais, aínda téndonos presente o mencionado, tentaremos establecer certas pautas ortográficas que caracterizan a obra de Ramón Armada Teixeira.

O apóstrofo é empregado, maioritariamente, para marcar o encontro que se produce entre dúas vogais na cadea falada: *t'atope* (NME 29), *n'a chouza* (CG 15), *qu'os meus amores* (AT 6), *com'os corvos* (MI 33) etc., así como para representar a crase entre a preposición *en* e o artigo: *n'as sebes* (CG 16), *d'espiñas* (MV), aínda que, ocasionalmente, tamén utiliza o hifen para sinalar este fenómeno fonético: *n-a nosa terra* (NME 17). Saco Arce (1967: 125-127) recollía na súa gramática os seus usos e indicaba que “el apóstrofo aunque frecuentísimo, no es sin embargo forzoso,

excepto con la preposición *de* y con los afijos *me*, *che*, *lle* seguidos del pronombre-artículo *o*, *a*"; outro importante gramático, Carré Alvarellos (1967: 28-29) considera que se usa "el apóstrofo, al igual que en otros idiomas, indicando que se ha suprimido una vocal para que las palabras suenen mejor al oído evitando el hiato". Mostra isto que o uso desta marca perviviu na nosa escrita até ben entrado o século XX, sendo rexeitada na actualidade.

A unión entre a conxunción *e*, representada como *y* ou *i*, e a palabra que a segue, sempre e cando comezar por vogal, é marcada sistematicamente co trazo, así como nos casos en que se produce a asimilación entre a preposición *por* e o artigo: *y-o vertelas* (NME 28), *y-as mozas* (MI 25), *pol-o contrario* (NME 22), *pol-as congostras* (MI 22) etc. O mesmo acontece coa representación do *i* epentético e a vogal seguinte: *yalma* (MI 39), moi habitual en toda a literatura do século XIX e aínda hoxe rexistrado oralmente nalgunhas zonas da Galiza. Un último fenómeno representado co hífen é a asimilación consonántica de *-r* e *-s* co artigo que segue, fenómeno característico da fonética sintáctica: *libertal-o fillo* (NME 18), *todol-os berbes* (CG 86), *funcional-a máquina* (CG 91), *desfargallel-o ramo* (AT 22), *pasadal-a sega* (MI 21), *pr'agasallal-a no ceo* (MI 39), *sacal-as ô sol* (GG I, 2ª, 7), *veneral-as grorias* (GG II, 9ª, 8) etc. O intento de trasladar á escrita os trazos fonéticos característicos da fala deu orixe a exemplos como os sinalados con anterioridade, aínda que ao carón doutros onde non se representa a asimilación vocálica: *coller o fusil* (NME 18) ou *facer os cimentos* (GG II, 11ª, 8). Algunhas das contraccións e elisións vocálicas representadas nos textos a estudar están hoxe consolidadas na lingua escrita (*na*, *da*, *pola*, *polo*), mentres que outras, aínda que se manteñan oralmente, deben ser refugadas na súa representación gráfica (*pro*, *pr'a*, *vamol-a* etc.).

Outrosí, Armada utiliza a grafía *y* para representar a conxunción *e* cando vai seguida de palabra que comeza por vogal e a semivogal [j] en posición intervocálica: *Agremayor* (NME 12), *y-o vertelas* (NME 28), *Salayos*, (CG 11), *y-escrava sempre* (GG II, 10ª, 1), *y-orfo* (AT 5), *y-un* (MI 41), *y-ó decirllo* (MV). A presión do idioma imposto pode ser advertido tamén na utilización do *h* en palabras que non o levan: *hirmá* (NME 6), *ahí* (NME 12), *hõbos* (CG 16) etc. E, a respecto da distribución de *b* e *v*, dáse, en ocasións, unha coincidencia co español como *maravillas* (CG 16, AT 6), xa que a maior parte dos nosos devanceiros non tiñan en conta os aspectos etimolóxicos, contribuíndo isto a crear confusións.

Canto ao sistema de acentuación podemos sinalar que é un dos trazos máis característicos da obra deste autor e, aínda que se produce un elevado número de vacilacións, é posíbel trazarmos unha serie de normas que rexen a súa escrita. Utiliza tres tipos de acento: agudo, grave e circunflexo. O acento agudo (´) é empregado normalmente para marcar as palabras que se rexen polas regras comúns de acentuación que aínda se manteñen no galego actual: *bébedo* (NME 38), *opinión* (NME 52), *árbores*

(CG 25), *lástima* (AT 81), *peródicos* (GG II, 7ª, 8), *abofé* (GG I, 1ª, 6), *abóndame* (MI 17), *bendiciós* (MI 20), *pícaro* (MV), *perderá* (MV). Fóra destas regras achamos outras xeneralidades en toda a obra canto ao emprego do acento agudo. Por exemplo, é moi común que acentúe as palabras oxítonas terminadas en -r: *matár* (NME 62), *ruár* (CG 23), *mestér* (AT 99), *mercár* (GG I, 4ª, 7). Apréciase certa vacilación en palabras onde se produciu un movemento acentual por ser a tendencia maioritaria en galego a paroxítona, mais que aínda na actualidade se segue a producir: *paxáros* (CG 59) e *páxaro* (AT 12). Cabe sinalarmos que tamén é posíbel acharmos unha palabra ou palabras semellantes con diferente marca acentual ou mesmo con ausencia dela: *emigración* (GG II, 11ª, 8) / *emigracion* (NME 64).

O acento grave (´) é utilizado por algúns autores decimonónicos para marcaren o timbre aberto das vogais de grao medio. Mais esta marcaxe só se produce dun xeito máis ou menos sistemático na súa peza teatral: *xògo* (NME 36), *sète* (NME 53), *bèrce* (NME 62), *òllos* (NME 65), *èla* (NME 59) etc. Nas restantes obras prescinde do acento grave –empregando en ocasións o agudo para sinalar o timbre das vogais– agás na tocata 4ª d’A *Gaita Gallega*: *dèmo*, *tèsta*, *tèrra* etc. Non resulta isto estraño se temos en conta que ambos os textos foron redixidos na mesma data, e posibelmente Armada Teixeira rexeitou esta marcaxe posteriormente. Pode ser revelador o feito de que o gramático que o noso autor admiraba e probabelmente seguise, Saco Arce (1967: 187), indique o seguinte a respecto do sistema de acentuación do galego: “Podemos distinguir en gallego dos acentos: el agudo (´) y el circunflejo (^)”, prescindindo por tanto do acento grave.

O acento circunflexo (^) marca normalmente a crase de dúas vogais, principalmente a contracción da preposición *a* co artigo: *Un menumento â muller* (NME 55), *Pois vas â miña terra* (CG 41), *exonxurado â cadea* (GG I, 5ª, 7), *dándolle forma â beleza* (AT 8), *dispostas todas â recolleita* (MI 25). Porén, tamén podemos achar exemplos en que a contracción se marca cun acento agudo: *que teñen as frores ó orballo da’a primavera* (NME 21). Unha última singularidade que cómpre sinalar é o uso que Armada Teixeira fai da diérese en casos como: *cèo* (AT 15), *poètas* (CG 3), *marëa* (CG 6) etc., empregándoa especialmente cando se produce a unión de dúas vogais fortes.

3.2. Nivel fonético

3.2.1. O vocalismo

Na lingua de Ramón Armada Teixeira reflíctese grande parte dos fenómenos fonéticos que se dan espontaneamente na fala. O sistema vocálico do século XIX non se diferencia moito do sistema actual: sete fonemas vocálicos que os nosos devanceiros, por veces, tentaron marcar nos seus textos escritos a través de distintos sinais gráficos –especialmente co acento grave– tal e como foi comentado.

O vocalismo tónico caracterízase por unha maior estabilidade respecto do átono, non se rexistrando nos textos que estudamos numerosas alteracións neste sentido. Mais se tivermos en conta as modificacións resultantes do contacto dos fonemas que conforman unha palabra, debemos prestar especial atención a un dos fenómenos máis singulares do sistema lingüístico galego-portugués, a metafonía, que consiste na alteración no timbre da vogal tónica por influencia das vogais finais *a*, *o* e en menor medida *e*, e que é definitorio da parte occidental da Galiza. Armada Teixeiro pon de manifesto que no territorio centro-oriental non se produce tal fenómeno fonético a través da acentuación grave, que como sinalamos anteriormente representa a apertura vocálica: *ðllos* (NME 65).

A respecto do vocalismo átono, a súa inestabilidade provoca numerosas alteracións. Por unha banda, aquelas que se producen por modificación no timbre das vogais *e*, por outra, as que obedecen a fenómenos de substracción ou aumento de sons vocálicos nunha palabra. Na actualidade só se rexistran na fala, mais pola procura de Armada por se achegar a esta, aparece ao longo das súas obras en numerosas ocasións. En posición inicial son dous os fenómenos rexistrados maioritariamente: a prótese ou adición dun son vocálico no comezo da palabra, normalmente un <a>: *amostrándolles* (NME 11), *amostr'a hoxe* (CG 9), *arrenégote* (MI 36) etc.; e a aférese ou supresión dun son no principio da palabra, sendo tamén a vogal <a> a que maioritariamente se subtrae: *maxino* (CG 1), *inda* (AT 67) etc.

Frecuentes son tamén os casos de síncope, fenómeno que consiste na supresión dun son vocálico no interior de palabra, especialmente en contextos como o seguinte: oclusiva + vogal postónica + líquida (Freixeiro Mato 1998: 111). Algún exemplo recollido na obra de Armada Teixeiro é *esprito* (NME 22), *zreixas* (NME 66), *atruxan* (MI 22) etc. Moi común é a mudanza de timbre por influencia de vogais veciñas: *condanados* (NME 13), *título* (NME 7), *premeo* (CG 9), *número* (GG I, 2ª, 8), *ñiñor* (GG I, 3ª, 8), *fertuna* (AT 51), *curazón* (MI 59) etc., que ben poden ser explicadas foneticamente por asimilación ou disimilación, ou ben por criterios diferencialistas. Outro fenómeno recorrente aínda nos nosos días na lingua falada é o da paragoxe, que consiste na adición dunha vogal ao final da palabra: *marchare* (NME 11), *mare* (CG 26), *amore* (MI 50), así como o fenómeno contrario, a apócope, isto é, perda dun son ao final: *san* (AT 84) ou *clas* (GG II, 11ª, 1).

Canto aos ditongos, convén indicarmos os resultados dos grupos latinos -ULT- e -OCT-, que en case todos os casos aparecen co resultado *oi*: *noite* (NME 9), *moito* (GG I, 4ª, 7), *troita* (AT 88) etc., solución propia da área mindoniense e de todo o bloque central (Fernández Rei 1991: 127). Os ditongos menos característicos do galego son *ie* e *ue*, o que provoca hipercorreccións que dan orixe a creacións artificiais na lingua escrita naqueles autores preocupados pola construción dun modelo culto de lingua. Armada Teixeiro, tentando fuxir dos castellanismos, fai as

seguintes correccións erróneas do punto de vista etimolóxico: *pacencia* (NME 24), *concencia* (CG 45, AT 5), *cencia* (GG II, 4ª, 8). Achamos tamén nos textos deste ortigueirés o caso contrario, quere dicir, hipercorreccións baseadas na correspondencia entre o español *e* e *o* co galego *ei* e *ou*, como *adourar* (CG 52) ou *mourado* (GG II, 9ª, 8). En consonancia co visto, e polo desexo do autor de se apartar da lingua privilexiada no momento, tende a vocalizar o primeiro elemento dos grupos consonánticos cultos *-ct-*, *-pt-*, *-cc-*, aparecendo formas como *leutor* (CG 71) ou *aución* (NME 29).

3.2.2. O consonantismo

Canto ao consonantismo, é de xustiza comentarmos en primeiro lugar o tratamento que o autor fai do fonema fricativo palatal xordo /ʃ/, pois a súa inexistencia en español provocou no século XIX un debate entre os que defendían a representación etimolóxica <j, g+e,i> e os que se denominan adoito foneticistas. Ramón Armada Teixeira escolle a solución predominante aínda na actualidade <x>: *lixeiros* (AT 85), *gorxa* (AT 72), *lexos* (CG11), *enferruxado* (NME 35), *feixe* (MI 33) etc. Máis unha vez, pode ser a influencia que parece que os preceptos do ourensán Saco Arce⁶ causaron na súa escrita, a que propiciara esta escolla.

O seseo, fenómeno dialectal do sistema lingüístico galego, consiste na ausencia, nunhas determinadas áreas xeográficas, do fonema fricativo interdental xordo /θ/ do galego común, mantendo nas mesmas posicións un *s*, aínda que este admita distintas realizacións (Freixeiro Mato 1998: 162). Aínda que Armada Teixeira non pertence a unha área lingüística seseante, nin o emprega como norma xeral, achamos nas súas obras algúns casos de seseo implosivo: *lus* (NME 9), *felis* (NME 6), *tal ves* (CG 27, MI 49), *capas* (CG 45), *catives* e *vellés* (MV). A utilización deste fenómeno fonético parece pór de manifesto a influencia lingüística que exerceron outros escritores e escritoras –especialmente a súa admirada Rosalía e o seu grande amigo Curros Enríquez– sobre o noso autor.

Non encontramos nas súas obras ningún caso de *gheada*, agás nun par de textos onde imita burlescamente persoas que tentan falar español: *¿No veis como los zarzetas / amarjullan en la mar?* (MI 43). Isto parece revelar a falta de aceptación deste fenómeno dialectal por parte de Ramón Armada Teixeira, pois ao igual que ao longo da súa vida foi adquirindo certos trazos doutras zonas xeográficas da Galiza que non se correspondían cos da súa, sempre rexeitou a *gheada*, cando menos nos textos escritos.

⁶ Saco Arce di ao respecto o seguinte: “El suave sonido de la *ch* francesa, propio también de nuestro dialecto [...] nos parece que debe representarse constantemente por la letra *x*” (1967: 186).

Un fenómeno fonético moi presente na lingua deste autor é a metátese, desprazamento dun fonema no interior da palabra: *frábecas* (NME 34), *dreitos* (CG 3), *probe* (AT 16), *Cruña* (MV), *sprito* (MI 90) etc. Un caso bastante frecuente é o da metátese por intercambio de posición entre líquidas contiguas: *bulra* (NME 56), *pelriña* (CG 2), *bulrarse* (CG 32). A variabilidade locacional da consoante *r* confírmase en casos como os do substantivo *pregunta* e o verbo *preguntar* que se recollen de dúas formas diferentes: *pregunta* (NME 56) e *preguntando* (GG I, 3ª, 7).

É de destacar tamén a alternancia que se produce entre a vibrante /r/ e a lateral /l/ no segundo elemento dos grupos consonánticos formados por oclusiva /p, b, k, g/ e fricativa /f/, reconvertendo Armada os grupos *-pl-*, *-bl-*, *-fl-* e *-cl-* en *-pr-*, *-br-*, *-fr-* e *-cr-*: *público* (NME 16), *refrexo* (CG 2), *fror* (AT 82), *aprausos* (GG II, 10ª, 1), *frores* (MI 69). É posíbel que utilice estas formas por diferencialismo xa que, tanto na evolución do latín ao galego como ao español, estes grupos consonánticos mantíñanse nas palabras cultas, en canto que nas patrimoniais evoluíron a /tʃ/. A pesar disto, achamos algún caso, aínda que minoritariamente, en que se conservan os grupos latinos: *sable* (NME 36). Temos na obra deste autor unha mostra de epéntese do fonema vibrante na preposición española *hasta*, adaptada para a nosa lingua baixo a forma *hastra* (NME 21, CG 17, AT 7, MI 42), hoxe desbotada.

Os procesos de asimilación e disimilación tamén son frecuentes no consonantismo, especialmente ao se produciren encontros por fonética sintáctica entre determinados fonemas. O fenómeno de asimilación máis importante é o do artigo á preposición *por* e aos verbos terminados en *-r* ou *-s*, de que xa foron expostos exemplos representativos cando falamos dos casos en que emprega o hifen.

3.3. Nivel morfosintáctico

A análise morfosintáctica das obras de R. Armada Teixeiro pon de manifesto unha constante en toda a literatura do XIX e comezos do XX: a pervivencia de formas de solución morfolóxica tradicional ao carón doutras tiradas directamente do castelán. Así como no que respecta á ortografía e á fonética non se observan grandes diferenzas entre a lingua empregada nunha e noutra obra, no tocante á morfoloxía veremos algunhas das mudanzas lingüísticas que experimentou o autor.

3.3.1. O Nome

Serán as particularidades referentes ás categorías de número e xénero as que centren a nosa atención a continuación. Canto ao plural dos nomes en *-n*, observamos unha clara preferencia polas formas que se corresponden coa súa variante dialectal

e que se caracteriza pola perda da consoante nasal: *refreusió* (NME 22), *canciós* (CG 24), *ilusió* (AT 80), *visió* (GG II, 12^a, 1), *mazapás* (MV) ou *bendiciós* (MI 69). A partir da segunda obra comezan a aparecer vacilacións entre a forma propia do galego occidental e a do galego central e oriental, o que vén demostrar o posíbel influxo que outros autores do seu tempo tiveron sobre Armada Teixeira: *hirmáns* (CG 11), *máns* (MI 42) e *cans* (MV), sendo máis numerosa a solución occidental en *Milicroques*.

As palabras acabadas en *-l* presentan un maior abano de solucións. A primeira delas –na actualidade, segundo sinala Fernández Rei (1991: 65) fenómeno esporádico– rexístrase na obra de Armada Teixeira en varias ocasións: *reás* (NME 18), *papés* (NME 60), *rirás* (GG II, 13^a, 1). A solución maioritaria nos seus textos é o sospeitoso castelanismo *-les*: *ánxeles* (NME 21)⁷, *trigales* (CG 60), *vendabales* (AT 97), *cereixales* (GG II, 11^a, 1), *xuncales* (MI 53). As palabras acabadas en *-il* resólvense maioritariamente en *-ís*: *civís* (NME 39), *pelengrís* (AT 34), *cadrís* (MI 69). O resto dos casos, exceptuando os que forman o plural de carácter popular como *léises* (GG II, 7^a, 8) ou *reises* (CG 80), non presentan características relevantes.

Canto ao xénero, Armada Teixeira non foi alleo á situación de conflito lingüístico, que caracteriza todo o século XIX e que aínda pervive hoxe. É común achar confusións canto á categoría gramatical que permite clasificar os nomes en masculinos e femininos. Apréciase isto especialmente nos vocábulos que terminan en *-axe*, pois exceptuando o caso de *a romaxe* (CG 68, AT 38, 72, 84, MI 97), *a imaxe(n)* (NME 66, MI 29) e *a friaxe* (MI 33), no resto emprega o xénero propio do español, é dicir, o masculino: *o viaxe d'a vida* (CG 89), *o seu linaxe* (NME 37). Posibelmente isto sexa debido a que *romaxe* e *friaxe* non teñen unha similitude co castelán como para que este influíse nelas, como si acontece con *viaxe* / *viaje* ou *liñaxe* / *linaje*. Tamén se nota a interferencia castelanizante en substantivos como *sangue*: *callada a sangue* (MI 37); *dor*: *delor profundo* (CG 28); *costume*: *e costume mui antigua* (NME 36); *cume*: *si n'a cume* (CG 75); *ponte*: *o ponte, o xardin d'as Burgas* (GG I, 1^a, 7)⁸. Porén, *mel* aparece en masculino: *doce como o mel* (MV).

Algunhas terminacións nominais tamén son merecentes de atención, pois presentan particularidades salientábeis que informan sobre o estado da lingua nese momento histórico. As terminacións latinas *-TATE* ou *-TUTE* rexístranse nas obras de Armada maioritariamente coa solución españolizada *-dá e-tú*: *virtú* (NME 25),

⁷ Este vocábulo, formado sobre o castelanismo *ánxel* (AT 13), aparece en *Caldo de Grelas* e en *Milicroques* coa marca de formación de plural en *-es*: *anxes* (CG 2; MI 56).

⁸ N'A *Gaita Gallega* achamos algúns exemplos do substantivo *ponte* en feminino: *d'as pontes* (GG II, 13^a, 1).

verdá (CG 20), *soidás* (AT 26), *cibdá* (GG I, 5ª, 8), *libertá* (MI 32), aínda que tampouco é infrecuente encontrar a solución propia do galego, especialmente nas súas obras máis tardías: *soidádes* (NME 62), *libertade* (CG3), *virtude* (CG 33, AT 63), *propiedade* (GG I, 1ª, 4), *xuventude* (GG II, 9ª, 8), *virtudes* (MI 89).

Cuestión importante con relación á evolución dos sufixos latinos cara á lingua galega é a que se observa nos resultados da terminación -BILE, competindo na actualidade dous resultados: *-bel e -ble*⁹. No século XIX e principios do XX, a forma xeral, máis unha vez por influxo da lingua prestixiada no momento é *-bre*, solución predominante nas obras de Armada Teixeiro: *posibre* (NME 50), *horribres* (GG I, 4ª, 7) etc., exceptuando algún caso illado en que atopamos *-ble*: *bailable* (CG 77), e non se rexistrando *-bel*.

Outras terminacións destacábeis para o estudo son as que proveñen dos sufixos latinos -ANUM e -ANAM, que teñen en galego dúas realizacións posíbeis: *-aol-á ou -á-l-án*. O primeiro dos resultados é o que triunfa na parte centro-oriental da Galiza (Fernández Rei 1991: 59-64) e, por tanto, será o predominante na obra do autor: *mao* (NME 19), *hirmás* (CG 23), *maus* (AT 57), *mau* (GG II, 9ª, 7; MV). Xunto a estas aparecen moi minoritariamente, as formas propias da parte occidental: *hirmáns* (NME 57), *mañán* (NME 56), *hirman* (GG I, 1ª, 8), *curmán* (MI 34) e *chan* (NME 16, CG 13, MI 44). Sobre esta última cómpre facermos unha reflexión, pois en canto no resto de exemplos expostos achamos a solución propia da área dialectal do autor ao carón doutras que triunfan no occidente, *chan* rexístrase unicamente baixo a forma predominante no oeste galego, o que nos leva a pensar que, posibelmente, se trate de unha forma aprendida dalgún dos seus compañeiros ben a través dos seus textos ou ben por medio da amizade que os unía. Consérvase a terminación -ANA, talvez por influencia do español, no xentilicio *Ribeirana* (AT 71), e -ANO no substantivo *ciruxano* (CG 32).

Canto ás terminacións *-cio*, *-zo*, *-cia*, *-za*, non encontramos firmeza na aplicación dun criterio por parte de Armada Teixeiro, aínda que podemos afirmar a predominancia de *-cio* e *-cia*: *perxucio* (NME 16), *xusticia* (CG 53, AT 6), *inxusticia* (MI 19), *xuicio* (GG II, 11ª, 8). Xunto a estas achamos solucións tradicionais: *prezo* (CG 39) ou *indeferenza* (CG 45).

3.3.2. O Pronome

Respecto aos pronomes persoais tónicos, debemos comentar o uso maioritario do pronome suxeito *ti*, exceptuando algúns casos en que aparece a forma etimolóxica

⁹ Ferreiro (1997: 146-147) sinala que este sufixo tivo resultados diversos na lingua escrita (*-vel(e)*, *-vil(e)*, *bel(e)*, *-bil*) considerando a solución *-ble* como unha forma que aparece debido á presión do español.

tu (NME 60-61, MI 20). Para o masculino de P3 e P6 rexístranse maioritariamente as formas *el* e *eles*, mais tamén achamos as solucións típicas –especialmente nas colaboracións d’A *Gaita Gallega*– do galego do sur de Lugo e da maior parte de Ourense, *il* e *iles*: *d’il vou a ver* (GG I, 4ª, 7), *non negan iles* (GG II, 13ª, 1), *iles chegan* (CG 76). Igualmente, recollemos algún exemplo para o feminino: *como qu’a ila se debe* (GG I, 9ª, 8), *¡Honor a ila!* (GG II, 12ª, 1). As formas do masculino *il(es)* coñecerían durante o século XX unha produtiva utilización, en ocasións baixo a orientación do diferencialismo (Freixeiro Mato / Sánchez Rei / Sanmartín Rei 2005: 310).

Con relación á P4 e P5 dos pronomes persoais rectos, cabe mencionarmos que o noso autor emprega maioritariamente as formas correspondentes ao seu padrón dialectal, é dicir, *nosoutros/as* e *vosoutros/as* (NME 20, CG 28, MI 54, MV). Ao lado destas existen as formas *nós* e *vós* que utiliza moi esporadicamente: *chega a nos tan axina* (MI 39), *pra entre nos* (GG II, 12ª, 8), *pra nos o chiculture* (MV). En *Non mais emigración* aparece o pronome español *nosotros* (NME 35), cousa estraña se temos en conta que é o único e, por tanto, cabe pensar que non sexa máis que un erro tipográfico pola súa proximidade con *nosoutros*.

Canto ás formas de cortesía documéntanse *vosté* (NME 17, CC I, MI 23) e *vostedes* (NME 33). Segundo indica Ferreiro (1999: 244-245), estas son formas refeitas a partir dun cruzamento coa forma habitual do español *usted*. Considera que o único pronome de tratamento específico en galego moderno é o descendente da antiga fórmula *vossa mercee* (<VOSTRA MERCEDE), que só se documenta nun caso: *vosas mercedes* (CG 52). Alén destes pronomes, recóllese n’A *Gaita Gallega* algún exemplo da forma castelán *usté* (GG I, 2ª, 8). Outra cuestión de interese é a utilización do plural de cortesía (*vos* por *tí*), considerado trazo arcaico na actualidade: *por non vervos teño a y-alma* (AT 26). Finalmente, sobre as formas oblicuas dos pronomes persoais destaca o uso da forma propiamente galega *comigo* (GG II, 7ª, 8) ao lado do castelanismo *connigo* (NME 24).

No que respecta á colocación dos pronomes átonos, non se documenta ningunha construción salientábel pola súa agramaticalidade, exceptuando algúns casos minoritarios que aparecen nas súas intervencións n’A *Gaita Gallega* (*Eu llo xuro*, GG I, 2ª, 7) ou en *Non mais emigración* (*Eu a seguía*, NME 58), mais que tamén poden ser explicados no contexto de cláusulas enfáticas, cando se pretende salientar por focalización o suxeito ou calquera outra palabra en particular. Tamén destaca o bo uso que fai dos clíticos de acusativo e dativo, utilizando este último en numerosas ocasións coa función pragmática de “dativo de solidariedade”: *Pois estache morrendo co gotero* (NME 56), *Vaiche na misa en Conxo* (NME 54), *eu sonche probe ablaíña* (AT 53), *¡eranche poucas as pagas...!* (MI 62). O emprego deste tipo de construcións é propia de contextos de informalidade, e por tanto é lóxico que apareza con maior frecuencia nos diálogos de *Non mais emigración*.

Débase notar tamén que na zona a que pertence Armada Teixeira existe a oposición singular/plural nas formas átonas de P3 (*lle/lles*): *¡Teñolles envexa!* (NME 39), *dille a Galicia* (CG 11). Sería esperábel que cando este concorrese cun clítico de acusativo de P3 formase a contracción: *llelo(s)/llela(s)*, mais esta aparece en moi poucas ocasións: *conteillel-o todo* (CG 59), *Non desfargallel-o ramo* (AT 22) sendo a forma maioritaria *llo*, que é a propia da zona occidental de Galiza (Fernández Rei 1991: 80): *si, si, catámosllo* (NME 50), *dixoll'ôs criados* (CG 33).

Acháse no galego unha variedade notoria de subsistemas de paradigmas dos demostrativos que se manteñen na actualidade e que non difiren moito dos que podíamos encontrar no século XIX. O estándar actual propón como formas variábeis *este(s)*, *ese(s)*, *aquel(s)*, *esa(s)*, *esa(s)*, *aquela(s)*; e invariábeis *isto*, *iso*, *aquilo*. Tal e como sinala Fernández Rei (1991: 70-71), este paradigma correspóndese co que se rexistra no extremo nordeste da Coruña e no centro e sur de Pontevedra e, por tanto, sería o propio da zona a que pertence Armada Teixeira. Mais a variedade é tal nos escritos deste autor que custaría adscribilo a un paradigma determinado. Para o masculino e o feminino variábel predominan, especialmente no seu primeiro libro, o uso das formas con vogal radical en *-e*: *ese viaxe* (NME 18), *d'esta xeitosa Cuba* (CG 8), *n'este mundo* (AT 36), *qu'ô paradeiro aquel* (GG I, 4ª, 7), *y n'este choyo xuntos* (MI 25). Cara ao final da primeira obra, e a partir desta, rexístranse formas hipercaracterizadas en *-i* no masculino: *iste lar* (CG 78), *si pra iste gaitero houbera* (GG I, 4ª, 7), *co'aquil pouporrit* (GG II, 8ª, 7), *qu'ise é o mes* (AT 98); e por analoxía tamén no feminino: *nace ista fror* (MI 18), *¡Honor a isa muller!* (GG II, 12ª, 1), *n'aquila retama* (CG 75). Armada emprega para as formas invariábeis maioritariamente a hipercaracterización co fonema vocálico tónico *li/*: *¿Por qué dis iso?* (NME 26), *por iso co'as bágoas d'ela* (AT 32), *y-aquilo ponse* (MI 23), *anqu'isto* (GG I, 1ª, 8). Para alén destas formas hipercaracterizadas aparecen tamén algúns exemplos con *-e* tales como: *esto vai a ser un desconsolo* (NME 18), *por eso sinto sempre* (CG 62), *y-eso proba* (AT 75). Posto que na área dialectal do noso autor só estas formas invariábeis levan *-i* no radical, a utilización de *iste*, *ista*, *aquil* só pode ser explicada pola súa procura de diferenciarse do castelán, tal e como fixeron moitos dos escritores da época.

Cómpre facer referencia á utilización que fai dalgúns demostrativos acabados en *-o*, como por exemplo: *desos guerreiros* (NME 37), *¡Ñeñan esos cinco...!* (NME 58), *y-estos chegan* (MI 22), que deben ser considerados castellanismos morfolóxicos provocados pola presión constante do español. Rexístrase a forma arcaica reforzada nalgunhas das súas obras, aínda que cun uso menor que as formas modernas: *de aquesta obriña* (NME 4), *n'aqueste mundo* (CG 28), *D'aqueste / Verxél* (CG 68), *d'aquesta Gaita* (GG II, 7ª, 8).

Documéntanse usos do demostrativo *aquel* e *aquela* como substantivo n'A *Gaita Galega* (*¡Con que aquel os ollaba!*) e en *Milicroques* (*con moita aquela*). Tamén

registramos casos de *daquela* con valor de adverbio de tempo equivalente a *entón*: *pois os mortos, d'aquela, foron votar* (GG I, 1ª, 7). Por último, no tocante aos demostrativos, achamos un composto moderno que actualmente é frecuente na Galiza mais non noutros países de fala galego-portuguesa. É o caso de *estoutra* (MI 49).

Os posesivos non presentan ningunha particularidade canto á súa morfoloxía, mais si son merecentes de comentario algunhas construcións en que estes aparecen. Está presente o sintagma formado por *posesivo + nome* sen artigo en casos que na actualidade si irían acompañados del: *teu xeito n'a muiñeira* (AT 41), *seus traballos* (CG 15). Isto é máis unha consecuencia do influxo do español sobre o galego. A posición habitual do posesivo cando acompaña o substantivo é a anteposta; porén, en ocasións, pode ir posposto. Así o valida Ramón Armada Teixeira a través do seguinte exemplo: *desfacendo as contas súas* (CG 35). Tamén cómpre destacar as formas átonas fosilizadas que acompañan certos substantivos como *madre* ou *señora*, das que só se rexistra unha mostra na súa obra: *mi señora gaita* (GG I, 5ª, 8). Estes pronomes que proceden do español están sempre asociados a contextos de respecto, e aparecen na nosa lingua coincidindo co momento en que a lingua galega comeza a sufrir a colonización. Xa por último, debemos destacar os valores afectivos do posesivo en construcións onde indica relación e non posesión: *¡Alma miña!* (NME), *meu ben* (AT 56), *meus filliños* (MV).

Dentro dos relativos, sinalamos o uso de *cal* con valor de conxunción comparativa: *Desfíxase cal o fume* (NME16), *Hermosas cal o luceiro* (CG 65), *nin amor cal seu amor* (AT 37), *a esa festa que, cal ela* (GG II, 7ª, 8), *cal anduriña aniñaba* (MI 70). Tamén é relevante a utilización do chamado relativo posesivo, mais sempre representado baixo a forma foránea: *Fillas hermosas dá hermosa Cruña / En cuyos peitos [...]* (CG 67), *a carretera de Santa Maria d'Oza, cuya parroquia [...]* (NME 30), *tal peródico en cuya reduccion figuran [...]* (GG I, 3ª, 7).

No tocante aos identificadores simples, aparece maioritariamente a forma *calquera*: *en calquera negocio*, (NME 17), *calquera larpeiro* (GG I, 3ª, 8) *calquera cousa* (MV), *que deixan pampo a calquera!* (MI 61), fronte á tradicional *calquer* que curiosamente se rexistra en *Caldo de Grelos* case en exclusiva: *calquer cousa* (1, 85). É de xustiza sinalarmos tamén a presenza da variante *calisquer*, documentada en *Aturuxos* e en *Milicroques* (*Calisquer día*), e que provén da forma medieval *qualquer* que admitía variación numérica (*quasquer*), e que no galego actual está practicamente desaparecida (Ferreiro 1999: 270).

O identificador *un* maniféstase na súa forma plural de tres maneiras diferentes: *ús* e *unhos* –formas propias da rexión a que pertence Armada Teixeira e por tanto máis habituais– e *uns*, por influxo de autores e autoras occidentais: *Todos somos uns*

(NME 54), *d'us e doutros* (NME 17), *y-us pendetes d'ouro fino* (CG 17), *por us cuantos lacazás* (MI 43), *c'unhos unguentos* (CG 31), *unhos bochos levas* (AT 35), *y-unhos remexen* (MI 23) etc. Pola súa parte, o artigo, tal e como viamos no apartado dedicado a ortografía, represéntase contraído coas preposicións *a*, *en*, *para*, *por* cos pronomes como *nós*, *vós* ou *ambos*, e cos verbos terminados en *-r*; *-s*: *pol-as colinas* (CG 7), *ademiral-a hermosura* (AT 28) etc.

O cuatificador absoluto *ninguén* aparece, case en exclusiva, baixo a forma *naide*, formada sobre o pronome castelán *nadie*: *por naide chorar* (NME 20), *sin poder percatarse naide* (CG 26), *naide me deu razón* (GG I, 4ª, 7), *naide pode* (MI 26), aínda que ocasionalmente nas súas obras poéticas rexistramos algunha mostra de utilización da forma galega do pronome: *Ninguén com'hai Dios* (CG 69). Porén, debemos ter en conta que o uso de *naide* é aínda maioritario en toda a área mindoniense, tal e como sinalan González González / Fernández Rei (1982: 210). O resto dos referenciais imprecisos non presenta particularidades salientábeis, exceptuando o cuatificador multiplicativo *algún*, que na súa forma de plural, ao igual que *un*, ten varias realizacións: *aforrárr algús cartos* (NME 35), *d'algús labregos* (CG 38), *algunhos cativeiros* (CG 91).

3.3.3. O verbo

As vacilacións e fluctuacións de formas verbais vanse constituír como un dos trazos máis peculiares da lingua de Armada Teixeiro. As formas características da súa área dialectal son as que maioritariamente emprega, mais tamén outras que lle chegaron, ben a través do contacto con outras persoas da época, ou ben polo influxo do castelán.

A alternancia vocálica que manifestan os verbos semirregulares no presente de indicativo só é representanda nalgunhas ocasións como *tóse con tetintin* (NME 29), *xa relocen* (MI 54), *pr'os que sofren* (MI 57). No resto afástase do que prescribe a norma actual: *di o que sigue* (NME 16), *o curso que sigue o río* (CG 77), *sube cando baixa o mar* (MI 32) etc. Non podemos establecer ningunha distribución xeográfica canto ao uso dunhas ou outras formas, mais si trazar na actualidade unha diferenza de usos que ten a ver cun factor xeracional.

O presente de indicativo proporciónanos algunhas singularidades a respecto da grande variedade nas formas do sufixo de número e persoa na P5. Maioritariamente emprega o afixo *-des*, que é o predominante no seu padrón dialectal: *¿Qué queredes rapaciño* (NME 50), *tedes* (CG 19), mantendo por tanto o *-d-* ao igual que no imperativo: *escoitade* (NME 13), *apadrínade o meu canto* (AT 10). Xunto a este, aparece excepcionalmente a terminación propia do galego oriental en que desaparece a oclusiva dental sonora: *Acompañai-me* (NME 56); a forma característica que

actualmente se rexistra nunha pequena zona do occidente da provincia da Coruña¹⁰, producíndose tamén a caída do *-d-* intervocálico, cunha posterior asimilación e crase: *levás* (CG 19).

No tocante ao pretérito, destacamos o predominio da terminación *-che* (<ISTE) para a P2: *pintache* (NME 27), *pidechem'* (CG 65), *puxéche visgo* (AT 12). Mais tamén aparece nalgún caso para esta persoa a desinencia menos evoluída *-ste*: *alcontras-te* (CG 71). Está moi estendida na P2 de pretérito un *-s* final analóxico inducido pola desinencia de todas as segundas persoas do paradigma verbal (Ferreiro 1999: 295-296). Non rexistramos este fenómeno nas obras de Armada Teixeira.

Un dos aspectos máis relevantes do punto de vista xeográfico é a repartición da vogal temática na P3 dos pretéritos fracos da CII e CIII. Na área dialectal a que pertence o noso autor prodúcese a neutralización dos verbos de ambas as conxugacións a favor da segunda (*-eu*), tal e como se documenta nas súas obras: *veu* (NME 51), *sigueu* (CG 91), *escribeu* (GG II, 13^a, 1), *subeu* (MI 39), *saleu* (MI 98). Canto á P4 do pretérito, perviven na Galiza os dous resultados que se documentan na obra de Armada Teixeira: *vistes* (AT 82) e *viñéstedes* (MV), sendo esta última propia da zona dialectal do autor. No que se refire ao copretérito e ao pospretérito cómpre comentarmos que mantén o acento etimolóxico, característico do norte das provincias de Lugo e A Coruña: *chorábamos* (CG 66), *tiñámos* (GG II, 12^a, 1).

A interferencia do español déixase notar na confusión de usos entre o antepretérito do indicativo e o pretérito do subxuntivo en expresións como as seguintes: *por-qu'auqu'o dito fora certo* (NME 18), *si non fora certa o canto* (MI 62) ou *e si foran as sardiñas* (MV). Alén destas achamos outras en que o uso dunha ou outra forma se realiza correctamente: *si miña nai fose alí* (AT 38), *si unha estrela se fixase / Donde houbèse máis vertú* (NME 55), *que nos concedese amparo* (CG 26), *qu'a gaita gallega fora a italiana* (GG II, 9^a, 8).

Do modo subxuntivo, alén do xa sinalado, é mester destacarmos o documentado ao respecto do futuro, tempo característico do sistema lingüístico galego-portugués, e que na actualidade se encontra en retroceso na Galiza por influencia do español. Armada Teixeira emprégao, cando menos, en dúas ocasións: *y-eu n'o meu colo o quixér* (AT 76) e *nin cometela quixér* (GG II, 10^a, 8). Por outra parte, o infinitivo flexionado é outro dos trazos singulares do noso sistema lingüístico e, ao igual que o anterior, desgrazadamente en recuamento na lingua oral. Nas obras decimonónicas

¹⁰ Segundo sinala Mariño Paz (1999: 440) estas formas "aparecen de contino tanto nos textos da Idade Moderna coma nos das décadas iniciais do século XIX, é dicir, en documentos nos que, dada a case total ignorancia de tradición escrita en que se compuxeron, non resulta aceptable pensar que gravitaba sobre eles o peso dalgunha autoridade literaria entón inexistente. Así pois, esa profusión textual debeu se-lo trasunto da grande popularidade nomeadamente en extensas áreas da Galicia occidental en que modernamente, nos últimos cen ou cento cincuenta anos, acabaron impoñéndose as formas con */-d-* mantido: *cantades*, *cantabades* ou *cantábades*, *cantaredes*, *cantade* etc."

recóllense abundantes exemplos, rexistrándose tamén nos textos do noso autor: *dan tono de seren* (CG 31) ou *a cinza de seren* (MV), aínda que minoritariamente.

Chamaremos a atención a continuación sobre as particularidades dialectais rexistradas a respecto dos verbos irregulares, centrádomonos naqueles aspectos máis representativos. En primeiro lugar debemos comentar a presenza dun verbo regular que se fai irregular pola influencia do español, sendo cada vez máis común en falantes de menor idade. Trátase do verbo *andar* que se recolle, na obra de Ramón Armada Teixeiro, coa raíz de pretérito *andiv-*: *andiven*¹¹ (CG 91). Con relación á P1 do pretérito do indicativo do verbo *dar*, resólvese en galego en *dei* ou en *din*, que se pode explicar por analogismo con *vin* ou como españolismo a partir da forma *di*. Armada Teixeiro emprega esta, característica do norte de Lugo e da Coruña: *si o que din as xentes* (NME 23), *y-eu díncho* (AT 92), *Qu'a maneira, a que din forma* (GG II, 11^a, 8).

Respecto ao verbo *dicir*, temos de comentar que alterna as forma típicas do galego mindoniense: *non dicen as historias* (CG 33), *dicen eles* (GG II, 9^a, 7), *y-ô fin dice* (MI 36) coas predominantes no resto do territorio galego: *o pícaro di* (NME 16), *si o que din as xentes* (NME 23), *díslle eu padezo* (CG 86). Canto a esta forma verbal, rexístranse nas obras de Armada Teixeiro algúns castellanismos como *decindo a pouco* (CG 40) ou *decíame* (MV). Outro españolismo sistemático é o copretérito do verbo *ir*: *s'iba salcochár* (NME 32), *ibas á espatelar* (MI 45), *iban á mais* (AT 32), *íbame arrechegando* (MV). Como formas para a P4 e P5 do presente deste verbo rexistramos unicamente *vamos* e *vades*: *vosoutros si que vades a fuxir* (NME 52), *vamos axiña qu'o baile empezou* (CG 68).

O verbo *ouvir*, presente na lingua de Armada (MI 57), convive na Galiza coas variantes *oír* (CG 6) –a máis empregada polo autor– ou *ouír*, da que non se rexistra ningún exemplo. No referente ao verbo *poder* destacamos o uso sistemático –frente a *pod-*– da raíz *poíd-* no presente de indicativo, característico do norte de Lugo e nordeste da Coruña (Fernández Rei 1991: 98) (*póido resistir*).

Destaca o uso das formas de P2 e P3 *quer* e *ques*, habituais no occidente da Coruña, norte de Lugo e galego exterior. Posibelmente tivesen unha maior densidade no XIX, pois son case en exclusiva as solucións que emprega Armada Teixeiro: *si non quéis que te machuque* (NME 24), *si outra cousa non quèr Dios* (CG 27) etc.

É recorrente, fronte á forma xeral moderna *traer*, a alternativa *traguer*: *tra-gued'unha bota de viño* (NME 54), *traguede feixes d'espiñas* (MV), que aparecerá habitualmente na lingua literaria dos autores desta área mindoniense. No modo

¹¹ Saco Arce (1967: 85) comenta que “en lugar de *estiveses* y *andivese*, Sarmiento dice *estese*, *andase*. Son contracciones parecidas a las latinas *iudicassetem*, *audissetem* por *iudicavissetem*, *audivissetem*”.

indicativo destaca no presente a forma con vogal temática irregular *i* en, por exemplo, *que diaños te trai por aquí* (NME 27), *conta que lle trái* (MI 27). Aliás, no tema de pretérito do verbo *saber*, o uso do radical *soup-*, en oposición á forma maioritaria *soub-*, é máis un trazo que revela a procedencia do noso autor: *soupe se honrara* (GG II, IX^a, 8), *soupen que viña destinado* (NME 59), *soupera amañar* (MI 44).

Emprega para a PI do Presente de indicativo e subxuntivo dos verbos *valer* e *saír* as raíces *vall-* e *sall-*, típicas, segundo Fernández Rei (1991: 100-102), da metade oriental da provincia da Coruña e do norte de Lugo: *Eu sallo* (NME 61), *¡Vállame a Virxen Santísima!* (MI 37). Armada utiliza estas para outras persoas, mais que segundo a nosa opinión teñen máis a ver cun problema de ortografía, utilizando o duplo *-ll-* por analoxía coa primeira persoa: *Salle Anxelo* (NME 55).

En definitiva, o estudo dos textos de Armada Teixeira revela un escritor fiel á súa fala no tocante aos verbos, mais que non puido escapar da presión que o español exercía na época, reflectida a través de distintas formas verbais: *podreiche* (NME 26), *habría* (CG 26), *podrás* (CG 45), *creera* (MI 24) etc. Documentábase minoritariamente a utilización de tempos compostos –inexistentes en galego– como *haber axudado* (GG II, 12^a, 1), *habías mandado* (NME 59) e *houberas sido* (AT 27).

Por outra parte, resulta interesante tamén a análise das construcións perifrásticas máis recorrentes nas obras do ortigueirés. Emprega en numerosas ocasións a perífrase temporal de futuridade *ir + infinitivo*, introducindo habitualmente a preposición *a* como elemento de relación: *vamos a tascar* (NME 10), *¡Boa farta vou á ter hoxe!* (MV). Tamén é moi produtiva a construída con *haber + (de) + infinitivo*: *has de facerme dono* (CG 64), *has de acougar* (MI 22), *hái morrer* (MI 39), con valor temporal de futuridade ou modal obrigativo. Frecuente é tamén o uso da perífrase imperfectiva *estar + xerundio*: *estabán parolando* (NME 24), *está decidindo* (CG 85), fronte á construción desta con *a + infinitivo*.

3.3.4. O adverbio

Aqueles adverbios que presentan algunha peculiaridade ou que sexan susceptíbeis de caracterización dialectal serán os que nos ocupen a continuación. Canto ás formas adverbiais de lugar absoluto obsérvase un predominio das formas da serie en *-í* –maioritarias na Galiza– especialmente en *Non mais emigración: aquí* (NME 30), *at-ahí* (NME 36), *alí* (CG 88). No resto de obras achamos outras como *eiquí*: *y-eiquí n'os maizales* (CG 52), *eiquí miñas cinzas* (AT 100), *s'aparce por eiquí* (GG I, 4^a, 7), y *eiquí me tedes* (MV) ou *ehí*: *Ehí vai!* (MI 37). Igualmente, documéntanse con frecuencia as formas da serie en *-ó, -á*: *D'aco / Pr'alá / D'a eira / O lar; D'alo / Pr'alo / D'o monte / ochan* (NME 21), *acó unha fonte que nace* (CG 74), *y-ela aló* (AT 21), pois son estas as que teñen unha maior presenza na zona dialectal do noso autor, aínda que alternado coas formas en *-á*.

Canto aos adverbios de dúbida, están presentes as variantes *quizais* (NME 19, GG I, 2ª, 8), *cicais* (CG 47, AT 80) e *quizabes* (CG 86, MI 48), que só se rexistra no extremo oriental e nororiental de Lugo. Dentro deste grupo destacamos tamén a presenza do adverbio *seique* (NME 18, CG 16, MI 24 etc.).

Dos adverbios de tempo relativo cabe destacar o uso da forma popular *inda* (CG 35), *qu'inda póida* (AT 67), *inda o sol non parecera* (MI 61), *Inda estades á tempo* (MV); e *namentras* que foi moi recorrente durante todo o século XIX e parte do XX, e que hoxe aínda se mantén na lingua oral: *chorosa namentras os coros cantan* (NME15), *namentras, c'o percura* (MI 25). Cómpre salientar o uso case exclusivo do adverbio galego *entón* (NME 12, CG 24, MI 25), mais non ten a mesma sorte *mentres*, pois rexístrase en exclusiva baixo a forma castellanizada *mentras* (AT 52). En relación ás formas adverbiais de tempo absoluto, é singular o uso de *onte*: *ás nove d'a mañan d'onte* (NME 56), *Que se m'esquenceron onte* (GG I, 11ª, 8), sen o incremento do -s analóxico, tal e como sería de esperar pola procedencia do autor. Achamos tamén algún caso da forma dialectal *antronte* (AT 77). O adverbio de futuridade *mañá* aparece en Armada coas súas dúas realizacións posíbeis: *mañan* (NME 56) e *maña* (MI 43), que é a característica da área mindoniense. Finalmente, salientamos a colocación tradicional do adverbio de cantidade *máis*: *máis nunca* (CG 4), que hoxe tende a se pospor.

3.3.5. Nexos: conxuncións e preposicións

Tal e como foi exposto no apartado dedicado á grafía, sempre representa a conxunción copulativa *e*, cando vai seguida de vogal, como *i*, moi en consonancia coa tónica xeral en toda a literatura do século XIX e principios do XX. A condicional *se*, aparece maioritariamente baixo a forma *si* (CG 57, NME 27) e emprega como conxunción concesiva *anque* (NME 39, CG 64, AT 52 etc.), que posibelmente sexa unha adaptación do español *aunque*, que tamén se recolle nalgunha ocasión. A adversativa *pero* rexístrase, maioritariamente, so a forma popular *pro* (MI 32), aínda que achamos tamén algún caso do primeiro: *pero esquencéuseme o rabo* (MI 45). A conxunción *senón* aparece sempre baixo a forma española *sinón*.

Canto ás preposicións, destacamos o uso sistemático de *hastra*: *hastr'as miñocas no vrau* (CG 65), *hastr'os vermes* (AT 7), *hastra qu'o fin* (MI 37), e que non é máis que unha galeguización da forma foránea co acrecentamento do -r- epentético (Ferreiro 1999: 365). Utiliza indistintivamente as formas *desde* (MI 57; CG 27) e *dende* (NME 27; CG 57), sendo esta última moi común na lingua literaria debido á procura de se afastar do español. A conxunción *para* simplifícase en *pra*, o cal é curioso pois na área mindoniense o que se escoita aínda na actualidade é *pa*.

3.4 Nivel léxico

A fidelidade á lingua oral reflíctese tamén no léxico empregado por Armada Teixeira e, a través de cada unha das súas obras, observamos unha morea de palabras que por distintas razóns hoxe está a caer en desuso, ben polas mudanzas na sociedade ou pola presión do español, que xa se pon de manifesto na obra do autor. Para estudarmos o léxico en Ramón Armada Teixeira farase fincapé naquelas palabras que se afastan do modelo de galego actual, por seren dialectalismos, castelanismos ou diferencialismos.

3.4.1. Formas dialectais

A área mindoniense, a que pertence Ramón Armada Teixeira, presenta certas particularidades que a fan singular no que se refire ao léxico, aínda que, como xa comentamos, tamén ten trazos morfolóxicos e fonéticos de seu. En grande parte da Galiza, emprégase *pícaro* para designar unha persoa burlesca, maliciosa, porén, no padrón dialectal do noso autor é sinónimo de *нено*. Armada Teixeira usa esta forma dialectal en numerosas ocasións en *NME* (18, 34, 36 etc.), en canto que nas restantes prefire outras formas como *cativo* (-a, -s) ou *нено* (-a, -s). Outro termo que antigamente era maioritario nesta área é *golpe* (*CG* 15, *MI* 37), hoxe usado na lingua literaria como sinónimo do estendido *raposo*.

O noso autor utiliza como palabras sinónimas *mainzo* (*CG* 12) e *millo* (*CG* 16, *MI* 53), designando o primeiro nas súas orixes o cereal americano e o segundo unha clase deste máis pequeno. Actualmente, segundo sinala Álvarez (2002: 79), *millo* é a forma maioritaria e *maínzo* é a característica do norte da provincia da Coruña. Na parte nororiental da Galiza domina o termo que coincide co castelán, *maíz*. Así, Armada emprega, xunto á forma propia da súa área xeográfica, a dominante no país, unha vez máis polo seu contacto con homes e mulleres da parte occidental.

Utiliza tamén indistintivamente *cochos* (*MV*) e *porcos* (*CG* 31), pois segundo Fernández Rei (1990: 132) ambas son características da área mindoniense, aínda que apunta diferenzas entre a zona luguesa onde sempre se emprega a primeira forma, e a zona coruñesa –a que pertence o noso autor– e na que se documentan tanto *cocho* como *porco*. Interesantes son tamén as palabras *sacaveira*, réptil coñecido na maior parte da Galiza como *píntega* ou *sacarrancha* (*GG* I, 5ª, 8), e *tiligas* (*MI* 24, *MV*), forma nada frecuente no resto do territorio galego para o que se coñece como *cóxegas*. Para nomear a árbore froiteira que dá mazás temos en galego distintas posibilidades, de que Armada escolle a forma mindoniense en todas os casos, *maciñeiras* (*CG* 77, 87). Finalmente, o coñecemento lexical do noso autor evidénciase no uso de distintas formas dunha mesma palabra nos seus textos. Así achamos *bicos* (*AT* 13) ao carón de *beixos* (*AT* 47).

3.4.2. Castelanismos

É no ámbito lexical onde se mostra de maneira máis forte a presión que o español, como lingua dominante, estaba a exercer sobre o galego. Algúns castelanismos aparecen recorrentemente e outros só ocasionalmente, en moitos casos alternando coas formas propiamente galegas. Canto aos primeiros destacamos os seguintes: *gallego* (-a, -s) (NME 39, 49, CG 3, 11, AT 8, 26, CC II, VI, MI 29 etc.), *dios* (NME 21, 56 etc, CG 51, AT 23, MV etc), *duda* (NME 15, 23), *lenguas* (NME 19, 29, AT 42), *carretera* (NME 30), *pasión* (CG 2), *siesta* (CG 7), *bellezas* (CG 7), *pobo donde nacín* (CG 25), *calles* (CG 36), *Villalba* (CG 38, MV), *merluzas* (CG 48), aparecendo a forma propiamente galega *pescada* (NME 32), *desayuno* (MI 23), *sangre* (MI 54), *adios* (MI 71, AT 4), *requesón* (MV), *hermosura* (AT 1), *anxel* (AT 13), *Reina* (AT 29) etc. Posibelmente, o uso de formas castelanizadas sexa menor nas obras posteriores a *Caldo de Grelos*, o que demostra o interese de Armada Teixeiro por mellorar a súa lingua afastándoa do español.

3.4.3. Diferencialismos

O uso destas falsas formas galegas débese ao afán dos escritores do século XIX de fuxiren da lingua que estaba a marxinar e subordinar o galego. Forman un grupo menor que os castelanismos e dialectalismos na obra do autor e destacan, entre outros, *paradiso* (CG 7), *pimpolo* (AT 8), *estrane* (NME 28), *concencia* (CG 83) etc.

3.4.4. Algúns procedementos para a formación de palabras

Canto á formación de palabras, cabe pórmos en relevo dous mecanismos utilizados con ampla frecuencia: a sufixación e, en menor medida, a composición. No referente á sufixación, destaca o uso do apreciativo *-iñ-*, maior en NME, talvez por se tratar dunha obra dialogada. O sufixo tivo unha grande rendibilidade ao longo de toda a historia do galego, provocando que, en ocasións, sexa utilizado como motivo de burla. O autor utilízao tanto con substantivos, como con adxectivos, adverbios ou pronomes. Tendo en conta o contexto, podemos sinalar que, con frecuencia, é empregado con valor apreciativo, dándolle así un matiz positivo: *mariquiña d'os meus soños* (NME 12), *¡Cantas veces hircanciñas!* (CG 27), *Pombiña* (AT 80), *terriña* (GG II, 7ª, 8), *has de acougar Antonciño* (MI 22) etc. Nalgúns casos convértese nun intensificador, especialmente cando vai unido a unha base adverbial, adquirindo así certo carácter de superlativo: *cargadiño* (NME 56), *amodiño* (MI 47), *caladiñamente* (NME 58), *paseniñamente* (CG 91).

O resto dos diminutivos non chega a ter a presenza deste e algúns presentan connotacións diferentes. O sufixo *-el-* (*-ol-a*) ten pouca produtividade en galego debi-

do á extensión de *-iñ-*, e ficou en vocábulos que xa estaban lexicalizados na época: *cachelos* (CG 49), *cancela* (AT 4), *portela* (MI 33) etc. Máis un sufixo apreciativo diminutivo que aparece nestas obras é *-ech(-o-)*, *-ach(-o)*, que opera sobre nomes substantivos e adxectivos: *cornechos* (CG 49), *regacho* (CG 74).

Dentro dos sufixos nocionais salientamos pola súa produtividade o uso de *-eir-* (*a*, *o*) como formador de adxectivos e substantivos. Presenta moi diversos contidos, dos cales destacan os seguintes:

1. Indicador de oficio ou profesións: *taberneira* (NME 17), *caseiro* (NME 18), *mariñeiros* (CG 47), *zoqueiro* (MI 41), *fogueteiro* (AT 95) etc.
2. Sufixo locativo: *palleiro* (NME 16), *carreiro* (CG 45), *ribeira* (AT 6) etc.
3. Indicador de instrumento, utensilio ou obxecto: *sombreiro* (NME 34), *monteiras* (NME 16), etc.
4. Sufixo de acción, presenta frecuentemente forma feminina, e en xeral a forma do sufixo é *-deira*: *sentadeiras* (NME 49), *brincadeiras* (MI 24) etc.
5. Formador de substantivos colectivos: *silveiras* (CG 31, 64, 75), etc.
6. Formador de nomes de árbores froiteiras: *castiñeiro* (NME 27), *limoeiro* (CG 60), *figueiras* (CG 65), *ameneiro* (AT 79) etc.
7. Xerador de construcións adxectivas, especialmente sobre bases substantivas ou adxectivas: *mentireiro* (NME 27), *cativeiro* (CG 91), *larpeiro* (MI 24), *churrusqueira* (GG I, 6^a, 8) etc.
8. Formador de xentilicios: *betanceiros* (NME 37).

Canto aos sufixos nocionais formadores de verbos, é ponderábel nas obras de Armada Teixeira o uso de *-ar*, *-ear* e *-ecer*, por seren estes os que aparecen en maior número de ocasións: *tasca* → *tascar* (NME 10), *craro* → *crarear* (NME 52), *rúa* → *ruar* (CG 24), *noite* → *noitecer* (NME 27), *burbulla* → *burbullar* (MI 31) etc. Finalmente, aínda que os casos de prefixación son menores, temos de destacar o emprego de *re-*, nomeadamente con bases verbais, que proporciona un valor aumentativo: *rebulir* (NME 66), *relembra* (AT 94), *revoan* (MI 67).

Como foi comentado con anterioridade, outro dos fenómenos de formación de palabras máis produtivos na obra de Armada Teixeira é a composición, realizada a través de distintas combinacións, de que sobrancean as seguintes:

1. Verbo + verbo: *ruxe-ruxe* (CG 75), *lambe-lambe* (MI 42).
2. Adverbio + adxectivo: *mal pocado* (NME 38), *mal educado* (GG I, 5ª, 7).
3. Adverbio + verbo: *maldicir* (CG 46).
4. Substantivo + substantivo: *fusco e lusco* (NME 31).
5. Substantivo + adxectivo: *ollomol* (CG 48), *porco bravo* (CG 75), *pita-cega* (AT 28).

Como puidemos observar nos exemplos propostos, as palabras compostas, unha vez creadas, van manifestando un proceso de fusión entre as partes, que mesmo se reflicte na escritura, podendo representarse con trazo de separación ou ben aglutinadas, dependendo do seu grao de lexicalización.

5. Conclusións

Voltando ás palabras proferidas por Manuel Lugrís Freire para Armada Teixeiro, “pensaba en gallego”, podemos dicir que o seu amigo non se equivocaba, e así parece ficar demostrado na nosa análise lingüística, pois tratou de dignificar a lingua a través das súas obras nun momento en que o idioma estaba a sufrir un forte retroceso por cuestións de tipo político-social. Resumindo o analizado, podemos sinalar que a falta dun modelo ortográfico propio, pois non coñecía a tradición medieval, fai que tanto o autor, como a maioría dos da época, tome como referencia o castelán, mais procurando unha representación gráfica acorde coa fonética e reflectindo todos os fenómenos sintácticos producidos na lingua oral.

Será no nivel morfolóxico onde se manifesten os aspectos máis característicos da lingua de Armada, mostrándose nalgúns casos fiel á fala mindoniense e noutros próximo aos autores que se tomarán posteriormente como modelos para establecer unha lingua literaria. Este influxo é practicamente inapreciábel do punto de vista léxico e domina neste ámbito o seu apego á lingua, que se ve deturpada en ocasións pola presión do español.

Xa para finalizar, cómpre sinalarmos que, por ser o obxectivo deste traballo dar unha visión xeral, non se profundizou especialmente en ningún aspecto, senón que se tentou mostrar aqueles trazos máis singulares da lingua empregada por Armada Teixeiro. Alén disto, tentamos neste traballo dar a coñecer un autor esquecido, sinalando aqueles aspectos da súa vida máis relevantes, coa esperanza de, nun futuro, completarmos e mellorarmos este contributo.

5. Referencias bibliográficas

- Alonso Girgado, L. (2002): “Limiar”, en *Aturuxos (Edición facsimilar)*: 9-16 (Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro).
- Álvarez Blanco, R (2002): “Viño novo en odres vellos: os nomes do millo”, en Álvarez Blanco, R. / Dubert García F. / Sousa Fernández, X. (eds.), *Dialectoloxía e léxico*: 69-95 (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- AT = Armada Teixeira, R. (1898): *Aturuxos. Colección de Cantares Gallegos* (A Habana: Impr. e pap. “La Universal”).
- Carré Alvarellos, L. (1967): *Gramática Gallega* (A Coruña: Editorial Moret).
- Curros Enríquez, M. (1895): “Caldo de Grelos. Versos gallegos por R. Armada Teijeiro”, en *La Tierra Gallega*, 89: 1-3 (9.9.1895).
- CG = Armada Teixeira, R. (1895): *Caldo de Grelos. Versos Gallegos* (A Habana: A propaganda literaria).
- De la Iglesia, A. (1898): “Aturuxos”, en *Follas Novas*: 1-2 (A Habana: J. Ramil y A. Cea).
- Fernández Rei, F. (1991): *Dialectoloxía da lingua galega* (Vigo: Xerais).
- Ferreiro, M (1999) [1995]: *Gramática histórica galega. I. Fonética e Morfosintaxe* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Ferreiro, M. (1997): *Gramática histórica galega. II. Lexicoloxía* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Freixeiro Mato, X. R. (1998): *Gramática da lingua galega. I. Fonética e Fonoloxía* (Vigo: A Nosa Terra).
- Freixeiro Mato, X. R. (2000): *Gramática da lingua galega. II. Morfosintaxe* (Vigo: A Nosa Terra).
- Freixeiro Mato, X. R. / Sánchez Rei, X. M. / Sanmartín Rei, G. (2005): *A lingua literaria galega no século XIX* (A Coruña: Universidade da Coruña).
- GG = Girgado, L. A. (dir.) (2006) [reproducción facsimilada da edición de 1885-1889]: *A Gaita Gallega. Repínica muñeras, alboradas e fandangos unha vez ‘o mes* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia)
- González González, M. / Fernández Rei, F. (1982): “Anotacións á morfoloxía de Cunqueiro”, en *Homenaxe a Álvaro Cunqueiro*: 186-245 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Mariño Paz, R. (1999): *Historia da lingua galega* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- MI = *Milicroques*, en Armada Teixeira, R. (1918): *Da Terriña. Versos Gallegos* (A Habana: Editorial Ruiz).

MV = Armada Teixeira, R. (1912): “Mexamorno en Viveiro. Falando solo (Con retranca e sin ela)”, en *Boletín de la Real Academia Gallega*, tomo 5, nº 54-55: 174-177.

Neira Vilas, X. (1994): “Significación de Ramón Armada Teixeira”, en *Memoria da emigración*, I: 239-246 (Sada: Edicións do Castro).

NME = Armada Teixeira, R. (1886): *¡Non mais emigración! Apropóseto libreco-dramático en dous autos e sete cuadros* (Habana: Imprenta d’a correspondenza de Cuba).

Saco Arce, J. A. (1967) [1868]: *Gramática Gallega* (Ourense: Gráficas Tanco).

TG = Alonso Girgado, L. / Monteagudo Cabaleiro, T. (2003) (eds.): *La Tierra Gallega (A Habana, 1884-1896)* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia).